

9999

Afonso Becerra de Becerreá

*A Alberto, a Álvaro e a Amparo Becerra Arrojo
na estela dos números infinitos.*

BANQUEIRO.- Bo día.

CLIENTA.- Bo día.

BANQUEIRO.- Vostede dirá.

CLIENTA.- Si.

BANQUEIRO.- En que podo axudarlle?

CLIENTA.- Ten présa?

BANQUEIRO.- Perdoe?

CLIENTA.- Hoxe non me fala vostede do tempo nin do frío
que vai fóra...

BANQUEIRO.- A xente...

CLIENTA.- E do pouco que chove? A xente?

BANQUEIRO.- Si, vostede tamén...

CLIENTA.- Si, eu tamén, xente.

BANQUEIRO.- As persoas.

CLIENTA.- Persoas. As traballadoras. Esa é a palabra.

BANQUEIRO.- Vostede tamén tivo que esperar.

CLIENTA.- Si, como a maior parte das veces.

BANQUEIRO.- E non pretenderá que nos poñamos aquí...

CLIENTA.- Facer cola. Vésilles dar negocio cos cartos do teu
traballo e aínda tes que esperar.

BANQUEIRO.- Ben. Pois vostede dirá.

CLIENTA.- Se cadra, se fose rica xa me saía recibir o director
á porta.

BANQUEIRO.- Quere un caramelo?

CLIENTA.- Tan aceda me ve?

BANQUEIRO.- Un caramelo?

CLIENTA.- Un caramelo.

BANQUEIRO.- Hainos de varios sabores.

CLIENTA.- Un caramelo.

BANQUEIRO.- Hanlle prestar.

CLIENTA.- É moi xeneroso o banco.

BANQUEIRO.- Colla un ou os que queira.

CLIENTA.- Ve?

BANQUEIRO.- Que?

CLIENTA.- A xenerosidade.

BANQUEIRO.- Un caramelo entón?

CLIENTA.- Un caramelo, que detalle.

BANQUEIRO.- Colla, muller.

CLIENTA.- Non podo, grazas. Comecei a arranxar os dentes e non me conveñen os doces pegañentos.

BANQUEIRO.- Moi ben, a saúde...

CLIENTA.- Si a saúde é o primeiro e xa había tempo que quería arranxar a boca.

BANQUEIRO.- Ui a boca.

CLIENTA.- Si a boca.

BANQUEIRO.- A boquiña...

CLIENTA.- A boquiña non entra na Seguridade Social e os dentistas e os ortodoncistas...

BANQUEIRO.- Xa, xa se sabe. Os dentes.

CLIENTA.- Non se quedan curtos.

BANQUEIRO.- Ben, claro. A estética...

CLIENTA.- Que estética? A estética é saúde ou onde se viu andar desdentados?

BANQUEIRO.- Ben, claro. Andar desdentados.

CLIENTA.- Ou coa boca perdida cos dentes trascanteados.

BANQUEIRO.- Ben, claro. Cos dentes trascanteados.

CLIENTA.- E non poder sorrir ao espello polas mañás cando unha se levanta.

BANQUEIRO.- Pois sorrir é moi importante.

CLIENTA.- Por suposto, éo para mercadotecnia pero tamén o é para a saúde.

BANQUEIRO.- Si. Éo.

CLIENTA.- Por iso vostede non parou de sorrir en toda a mañá.

BANQUEIRO.- Si, claro.

CLIENTA.- Levo observándoo desde que estaba esperando na cola e non parou de sorrir en ningún intre, con todos.

BANQUEIRO.- Con todos.

CLIENTA.- Incluso con esa parella nova que se despediu dando un puñazo na mesa e saíron chorando todos avergoñados.

BANQUEIRO.- Hai casos difíciles pero...

CLIENTA.- O sorriso.

BANQUEIRO.- Hai que sorrirle á vida.

CLIENTA.- O seu sorriso impertérito.

BANQUEIRO.- Imper que?

CLIENTA.- Impertérito?

BANQUEIRO.- Ah. Impertérito.

CLIENTA.- Si, impertérito.

BANQUEIRO.- Non coñecía esa palabra.

CLIENTA.- Vostede non le?

BANQUEIRO.- Eu non son de letras. A min as únicas letras que me interesan son as dos bancos.

CLIENTA.- Os números.

BANQUEIRO.- Os números.

CLIENTA.- E ese seu sorriso impertérito.

BANQUEIRO.- Sempre é máis agradable.

CLIENTA.- Son amiga dos pais da parella esa. Agora teñen os netos e os fillos na casa porque o banco lles quedou co piso e aínda teñen que seguir pagando.

BANQUEIRO.- Certamente é un caso difícil.

CLIENTA.- Triste.

BANQUEIRO.- Si. Triste.

CLIENTA.- Pero vostede sorrí.

BANQUEIRO.- Seica quedaron sen traballo.

CLIENTA.- Pero vostede sorrí.

BANQUEIRO.- É o meu traballo.

CLIENTA.- Vostede ten unha boa dentadura e supoño que os xefes aínda a deben ter mellor.

BANQUEIRO.- Hai casos complexos, persoas que se meteron en produtos e claro, as hipotecas, co euribor, os xuros...

CLIENTA.- E un bo estómago. Que todo debe ir unido. Cunha boa dentadura garántese un bo estómago. O que lle boten.

BANQUEIRO.- Ao seu servizo.

CLIENTA.- O home do mono de traballo tampouco saíu moi contento. Ía queixándose das comisións que lle cobraran.

BANQUEIRO.- Non comprenden que o banco ten que obter un beneficio polas xestións.

CLIENTA.- Que ben sorrí vostede.

BANQUEIRO.- Un caramelo, entón?

CLIENTA.- Xa lle dixen que non debo.

BANQUEIRO.- Pois xa me dirá en que lle podo axudar.

CLIENTA.- Pois precisamente veño sacar cartos porque quero acabar de arranxar a boca. Como na conta corrente teño os cartos para os gastos do mes, vou retirar os que teño no depósito a prazo fixo que vencía a finais de decembro.

BANQUEIRO.- Moi ben. Imos ver logo.

CLIENTA.- Coa paga de invalidez de seiscentos euros ao mes non se arranxa a boca.

BANQUEIRO.- Pero vostede vese moi ben.

CLIENTA.- Pois non é ouro todo o que reloce.

BANQUEIRO.- É nova.

CLIENTA.- A xubilación veume cedo.

BANQUEIRO.- Será unha invalidez sen consideración.

CLIENTA.- Teño a columna vertebral chea de ferros.

BANQUEIRO.- Non me diga.

CLIENTA.- Un accidente.

BANQUEIRO.- Un accidente.

CLIENTA.- Un accidente. Hai tres anos.

BANQUEIRO.- Un accidente.

CLIENTA.- Si. Hai tres anos.

BANQUEIRO.- Pois vézelle moi ben.

CLIENTA.- A indemnización metina neste depósito a prazo fixo porque mo recomendou o director que había antes.

BANQUEIRO.- Un accidente.

CLIENTA.- Así mo recomendou.

BANQUEIRO.- Un accidente.

CLIENTA.- Cando me ingresaron os cartos na conta díxome que o que máis me conviña era poñelos nun depósito deses.

BANQUEIRO.- Os cartos se non se vai facer nada con eles nun tempo sempre están mellor nun depósito cun interese vantaxoso.

CLIENTA.- Iso se supón.

BANQUEIRO.- Claro, muller.

CLIENTA.- E non se volveu saber nada daquel director?

BANQUEIRO.- Houbo cambios.

CLIENTA.- Moitos cambios.

BANQUEIRO.- Ai. A vida son cambios.

CLIENTA.- Xuntaron as caixas, mesturaron os nomes e agora

son banco. Cambios raros.

BANQUEIRO.- Cambios.

CLIENTA.- Crise.

BANQUEIRO.- Crise.

CLIENTA.- E houbo que poñer cartos públicos porque as caixas non estaban ben, pero os altos directivos marcharon cun bo feixe de millóns. A crise pintoulles ben.

BANQUEIRO.- Mire aquí sáeme que o que vostede asinou hai tres anos foi unha participación preferente.

CLIENTA.- Si, o depósito.

BANQUEIRO.- Mire, o que me sae aquí, e vostede ha telo no xustificante da operación, é un vencemento con data do trinta e un de decembro do ano 9999.

CLIENTA.- Ai, si, os catro noves.

BANQUEIRO.- Na cuadrícula do vencemento figura a data do trinta e un de decembro de 9999.

CLIENTA.- 9999.

BANQUEIRO.- 9999.

CLIENTA.- 9999. Cando o vin díxenllo ao banqueiro que estaba no seu posto daquela e restoulle importancia, dixo que debía ser un erro do sistema informático que sacaba por defecto esa data chea de noves. Que non me preocupase.

BANQUEIRO.- 9999.

CLIENTA.- Si, 9999.

BANQUEIRO.- Por defecto.

CLIENTA.- Por defecto.

BANQUEIRO.- 9999.

CLIENTA.- 9999.

BANQUEIRO.- Pois esa é a data. Trinta e un de decembro de 9999.

CLIENTA.- Deben quedar uns oito mil anos para esas.

BANQUEIRO.- O que me sae aquí é que non podemos tocar ese diñeiro.

CLIENTA.- Está de broma.

BANQUEIRO.- O que me sae aquí é que vostede asinou unha participación preferente que é un investimento a perpetuidade.

CLIENTA.- Iso é un erro.

BANQUEIRO.- Non hai erro. Pode vostede consultar o xustificante

da operación coa orde de subscripción de valores que se lle emitu hai tres anos.

CLIENTA.- Como?

BANQUEIRO.- Pode miralo. Non hai erro. Trátase dunha participación preferente.

CLIENTA.- Un depósito.

BANQUEIRO.- Unha participación preferente.

CLIENTA.- Son os meus cartos.

BANQUEIRO.- Iso ninguén llo nega.

CLIENTA.- Os da indemnización polo accidente.

BANQUEIRO.- Iso teno aquí.

CLIENTA.- Pero eu quero empregar os meus cartos. Quero acabar de arranxar a boca.

BANQUEIRO.- Eu limítome a informarlle do produto que vostede asinou.

CLIENTA.- Quero falar co director.

BANQUEIRO.- Un investimento a perpetuidade.

CLIENTA.- Iso é un chiste.

BANQUEIRO.- É o asinado.

CLIENTA.- Quero falar co director do banco, esta é unha brincadeira de mal gusto.

BANQUEIRO.- Vostede asinou...

CLIENTA.- Eu non asinei para quedar sen o meu diñeiro.

BANQUEIRO.- As participacións preferentes son como accións e renda fixa e son perpetuas.

CLIENTA.- Perpetuas.

BANQUEIRO.- Si, así é.

CLIENTA.- Así é a morte, perpetua.

BANQUEIRO.- E a data está moi clara.

CLIENTA.- 9999

BANQUEIRO.- Os números non menten.

CLIENTA.- E os bancos tampouco.

BANQUEIRO.- 9999

CLIENTA.- Non queda nada.

BANQUEIRO.- Se quere...

CLIENTA.- Quero falar co director de inmediato.

BANQUEIRO.- Eu xa lle estou dicindo o que hai.

CLIENTA.- Ou falo co director ou monto un escándalo aquí

mesmo.

BANQUEIRO.- Pero señora...

CLIENTA.- Isto é un roubo.

BANQUEIRO.- Señora, por favor.

CLIENTA.- Unha estafa.

BANQUEIRO.- Cálmese.

CLIENTA.- Pare de sorrir.

BANQUEIRO.- Son amable con vostede e non ten...

CLIENTA.- É un cínico. Quero falar co director.

BANQUEIRO.- Intento explicarlle que...

CLIENTA.- Isto é un atraco. Ladróns.

BANQUEIRO.- Rógolle que...

CLIENTA.- Quédanse cos meus cartos. Cos cartos dunha

inválida. Coa indemnización por un accidente. Usureiros.

Cabróns. Fillos de puta.

BANQUEIRO.- Señora, por favor...

CLIENTA.- Non marcho de aquí sen o meu diñeiro. Panda

de usureiros. Mafia.

BANQUEIRO.- Por favor, señora...

CLIENTA.- Devólvenme o meu diñeiro no ano 9999. Ladróns.

BANQUEIRO.- Señora, isto é un banco.

CLIENTA.- Cínico. Isto é unha mafia.

BANQUEIRO.- Hai xente...

CLIENTA.- Quero falar de inmediato co director.

BANQUEIRO.- Hai xente...

CLIENTA.- Esixo que me atenda agora mesmo o director.

BANQUEIRO.- Está a falar co director.

CLIENTA.- Que?

BANQUEIRO.- Si, desde hai dúas semanas eu son o novo

director desta oficina.

CLIENTA.- E o último que había?

BANQUEIRO.- Houbo máis cambios.

CLIENTA.- Xa vexo, ficaron cos máis eficaces.

BANQUEIRO.- Prexubilación.

CLIENTA.- E vostede agora é o director.

BANQUEIRO.- Si, o novo director e estarei encantado de

facer por vostede o que poida.

CLIENTA.- E como é que está atendendo aquí e non está no

despacho do director?

BANQUEIRO.- Hai que facer de todo.

CLIENTA.- E sorrir.

BANQUEIRO.- Somos poucos e...

CLIENTA.- Son poucos.

BANQUEIRO.- Queda menos persoal e...

CLIENTA.- O banco ten que aforrar e os que quedan son o can do seu amo.

BANQUEIRO.- Mire, eu entendo perfectamente a súa situación e...

CLIENTA.- Vostede que vai entender.

BANQUEIRO.- Entendo que queira arranxar a boca.

CLIENTA.- Quero sacar todo o meu diñeiro.

BANQUEIRO.- Nós podemos ofrecerlle un préstamo cuns xuros moi baixos para o da boca, incluso temos un seguro...

CLIENTA.- O meu diñeiro.

BANQUEIRO.- E nin sequera lle pediríamos un aval.

CLIENTA.- O meu diñeiro.

BANQUEIRO.- Aínda que os seus ingresos son baixos...

CLIENTA.- O meu diñeiro.

BANQUEIRO.- Incluso coa súa pensión pequena pode permitirse este préstamo...

CLIENTA.- Ladróns.

BANQUEIRO.- E arranxar esa boca.

CLIENTA.- Non marcho de aquí sen os meus cartos.

BANQUEIRO.- Señora.

CLIENTA.- Nin señora nin nada. Os meus cartos.

BANQUEIRO.- Señora, eu non llos podo dar, eu non llos teño. O programa informático do banco non permite tocar unha soa cifra dos seus cartos estando en participacións preferentes.

Eu non lle podo facer máis nada. Pode asesorarse onde queira sobre o que lle digo.

CLIENTA.- Así que mentres o banco se queda co meu diñeiro, co diñeiro do accidente, eu aínda terei que pedirles un préstamo para poder pagar un avogado, porque coa miña pensión non chego.

BANQUEIRO.- Para a boca ten un préstamo cunhas condicións envexables.

CLIENTA.- Para a boca.
BANQUEIRO.- Para a boca.
CLIENTA.- Para sorrir.
BANQUEIRO.- Hai que sorrir.
CLIENTA.- Hai que sorrir.
BANQUEIRO.- Sorrir sempre.
CLIENTA.- A perpetuidade.
BANQUEIRO.- Un préstamo cunhas condicións inmejorables.
CLIENTA.- Para a boca.
BANQUEIRO.- Para a súa boca.
CLIENTA.- Para sorrir mellor.
BANQUEIRO.- Sempre sorrir.
CLIENTA.- O director do banco.
BANQUEIRO.- O desta sucursal.
CLIENTA.- O novo director que sempre sorrí.
BANQUEIRO.- Un caramelo?
CLIENTA.- Un caramelo si, os meus cartos non.
BANQUEIRO.- Sonlle bos. Próbeos, muller, e sorría.
CLIENTA.- Esa boca.
BANQUEIRO.- Ten o préstamo á súa disposición sen outra...
CLIENTA.- Ese sorriso polar.
BANQUEIRO.- Para que arranxe a boca sen máis preocupacións nin...
CLIENTA.- Ese sorriso de anuncio de dentífrico.
BANQUEIRO.- Fágame caso. Non hai que dramatizar.
CLIENTA.- A indemnización do accidente.
BANQUEIRO.- Arranxar a boca.
CLIENTA.- A boca.
BANQUEIRO.- Eses dentes trascanteados.
CLIENTA.- A boca.
BANQUEIRO.- Os dentes que faltan.
CLIENTA.- Vostede por que sorrí?
BANQUEIRO.- Intento ser amable.
CLIENTA.- Pero só sorrí cos dentes.
BANQUEIRO.- Como?
CLIENTA.- Así, ensinando os dentes.
BANQUEIRO.- Os dentes?
CLIENTA.- Non hai sorriso nos seus ollos.